



elefante elegante  
teatro

# KYOKI

de María Torres & Gonçalo Guerreiro



Subvenciona



AXENCIA GALEGA  
DAS INDUSTRIAS  
CULTURAIS



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

galicia

Coproduce



Concello de  
CULLEREDO

Apola

ARTEYO

## ÍNDICE

1. SINOPSE .....	3
2. POSTA EN ESCENA .....	4
3. ESCENOGRAFÍA .....	5
4. ARTE POVERA .....	6
5. MAXIA E FANTASÍA .....	7
6. MÚSICA .....	9
7. FICHA ARTÍSTICA .....	10
8. CONTACTO .....	11



KYOKI é unha creación destinada ao público infantil e familiar a partir dos 5 anos. O espectáculo aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade. KYOKI significa "demencia" en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... Quen nunca esqueceu onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés? Ou saíu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo?

KYOKI retrata un deses días catastróficos máis é tamén unha homenaxe a todas as persoas maiores que perdendo a cabeza recobran dalgun xeito a inocencia que o tempo e as inclemencias do camiño un día se levaron.

A través dunha linguaxe xestual fundamentada na manipulación de obxectos e a interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotidiana.

KYOKI evoca múltiples situacións e personaxes que dun xeito ou outro podemos recoñecer como presentes nas nosas vidas. É unha ollada cómplice, reflexiva e sensible ao universo dos conflitos que protagonizan as persoas que precisan ser coidadas tanto como os que viven as propias coidadoras.





## POSTA EN ESCENA

O xogo teatral baséase no traballo plástico da corporalidade da intérprete e na súa constante interacción cos elementos escenográficos para definir unha secuencia dramática na que a imaxe toma un total protagonismo. A posta en escena fundaméntase deste modo na dinámica pictórica da organización do espazo e na narrativa das propias accións físicas que reflexan desexos, sentimentos e estados dramáticos.

O feito de que a interpretación da actriz estea fundamentalmente baseada na xestualidade define unhas regras interpretativas fundadas na cumplicidade da ollada e nunha forte presenza física.

A poesía visual do espectáculo reúne artes do movemento, música e artes plásticas. Amáis das formas tradicionais de teatro xaponés, KYOKI ten fortes influencias do actor Buster Keaton (1895-1966), do pedagogo Jacques Lecoq (1921-1999), do compositor Niccolò Paganini (1782-1840), da artista plástica Csilla Klenyánszki (1986) e da esculptora Marisa Merz (1926-2019).

## ESCENOGRAFÍA



O espazo escénico está construído de maneira a evocar ao mesmo tempo unha casa, un hospital e unha rúa. Diseñado de modo que funcione como a tela de un pintor, a escenografía é sobretudo un fondo estético que pouco a pouco será habitado polo corpo da intérprete e polos obxectos por ela manipulados co obxectivo de manter sempre viva una composición pictórica xenerada por formas, cores e movementos.

O fondo azul con liñas que se cruzan de xeito irregular en ángulos rectos, está dotado de varias aperturas disimuladas, cuxo funcionamento permite a entrada e saída de inúmeros elementos escénicos provocando suxestivos e reveladores efectos sorpresa.



## ARTE POVERA

Utilízanse obxectos do cotián como bolsas de plástico usadas, roupa desodenada, botellas de plástico e latas. Estes obxectos fan parte do día a día de calquera persoa e nun espazo vacío como este, poden facilmente evocar unha vida á deriva na sociedade urbana contemporánea.

Por esta razón, KYOKI evoca a Arte Povera, movemento artístico da contracultura italiana que tivo a súa orixe na década dos 60 e utilizaba materiais simples. Facemos unha analogía entre a persoa humana e os obxectos sen valor esquecidos polo sistema de consumo, elaborando unha reflexión sobre o uso que a sociedade dá aos obxectos usados e ás persoas idosas.





## MAXIA E FANTASÍA

A MAXIA é a arte que se destina a producir resultados que son contrarios á lei natural. Pode usar palabras, feitiços e varios eventos e elementos con ese mesmo obxectivo. No noso caso referímonos aos trucos e efectos da posta en escena empregados coa finalidade de engaiolar ao espectador en situacións extraordinarias que van máis aló da lóxica racional. O espectador sabe que o que está vendo non é real (como o movemento autónomo ou a desaparición dun obxecto) pero non pode descubrir o segredo por detrás da ilusión, e por iso é levado a creer no que ve, a deixarse fascinar polo que perciben os seus sentidos e a mergullar no universo artístico que lle é proposto.

Ao longo da historia, a maxia perdeu o seu lugar destacado na cultura para o crecemento do racionalismo e a substitución do pensamento máxico pola relixión. A través das nosas propostas queremos reivindicar esa dimensión onírica e desenvolver os aspectos "extra-cotidianos" que naturalmente habitan o imaxinario na infancia.

A FANTASÍA é o máis alto grao de imaxinación. É a facultade humana que permite reproducir e representar, a través de imaxes mentais, cousas fóra do reino da realidade. Estes eventos poden ser posibles (por exemplo, a fantasía de viaxar á praia o próximo verán) ou, no noso caso, inviables, como unha caixa que baixa do ceu ou un par de zapatos que se move só.

A través da Fantasía presentamos elementos imaxinarios e infrinximos as normas físicas da realidade co obxectivo de crear un universo artístico que se posicione distante dela sen nunca deixar de a evocar.





## MÚSICA



A música evoca o que as palabras non ilustran, por esa razón estará sempre presente e dará forma ás intencións que os corpos non son quen de definir.

O son ten unha presenza asídua e dramática. A música, sexa sob a forma melódica, de paisaxe sonora ou interpretada en directo ten a misión de acompañar, puntuar ou ofrecer resistencia ás accións físicas. O espazo sonoro funciona como un motor para o xogo físico da intérprete no sentido de amplificar cada xesto, actitude ou movemento corporal e con ela establecer unha sólida unidade dramática.



# FICHA ARTÍSTICA

## CREACIÓN

María Torres e Gonçalo Guerreiro

## DIRECCIÓN DE ESCENA E ESCENOGRAFÍA

Gonçalo Guerreiro

## INTERPRETACIÓN

María Torres

## MANIPULACIÓN

Mario Rodríguez

## PRODUCCIÓN DE ARTE E DISEÑO GRÁFICO

Carolina Díguele

## COMPOSICIÓN MUSICAL

Manuel Fonte

## ILUMINACIÓN

Nacho Martín

## VESTIARIO e ATREZZO

Carolina Díguele

## FOTOGRAFÍA

Vanessa Rábade





## CONTACTOS

### PRODUCCIÓN

Laura Duarte e María Torres  
622 826 454 / 606 257 239


comunicacion@elefanteelegante.net / maria@elefanteelegante.net

### DISTRIBUCIÓN

Xurxo Prieto e María Torres  
664 803 801 / 606 257 239

teatro@elefanteelegante.net / maria@elefanteelegante.net

 [www.elefanteelegante.net](http://www.elefanteelegante.net)

 [www.facebook.com/elefanteelegante.net](https://www.facebook.com/elefanteelegante.net)

 [instagram.com/elefante.elegante.teatro](https://www.instagram.com/elefante.elegante.teatro)